

REGRAS DE SEGURIDADE PARA TRABALLOS DE SOLDADURA ELÉCTRICA

1.- EQUIPO DE SOLDAR - Riscos eléctricos.




1.-A conexión de primeiro da máquina de soldar a unha rede fixa, débea realizar un especialista, quen porá sumo coidado en conectar as fases, o neutro e a terra, segundo o tipo de máquina. Así mesmo, comprobaranse as proteccións eléctricas contra contactos indirectos (reais, etc.)



2.-Ao conectar a máquina de soldar a unha liña eléctrica, deberase poñer especial coidado en conectar o cable de terra da máquina, á toma desa mesma liña. Os erros neste aspecto poden ser graves.

3.-O soldador debe revisar o illamento dos cables eléctricos ao comezar a xornada, rexeitando os que non estean en perfecto estado.

4.-Se os terminais ou o interruptor están en mal estado, o soldador debe poñelo inmediatamente en coñecemento do seu superior máis inmediato.



5.-Evitarase que os cables descansen sobre obxectos quentes, charcos, bordos ou calquera sitio que puidese perxudicar ao illamento. Así mesmo se evitará que pasen vehículos por enriba, que sexan golpeados ou que as chispas da soldadura caian sobre eles.

6.-Os cables non deberán cruzar a vía de tránsito, sen estar protexidos mediante apoios de paso resistentes á compresión.

7.-Cando os cables do equipo de soldar opoñan resistencia ao seu manexo, no se tirará deles porque se corre o risco de que se corten e produzan un accidente grave. Tampouco se tirará deles para mover a máquina.

8.-O cable de masa conectarase directamente sobre a peza a soldar ou o máis preto posible, poñendo especial coidado na súa correcta conexión e empregando grampas axeitadas.

9.-Non se empregarán picas de terra onde se sospeite ou se coñeza a existencia de cables enterrados.



10.-Antes de realizar calquera manipulación na máquina de soldar, cortarase a corrente, mesmo para movela.

11.-Para cargar combustible nos grupos electrógenos pararase o motor, deixándoo enfriar polo menos durante 5 minutos.

2.-PROTECCIÓN DO PERSOAL

1.-O equipo obrigatorio de protección persoal é o seguinte:

- Pantalla de protección de cara e ollos.
- Luvas de coiro de manga longa.
- Mandil de coiro.
- Polainas de apertura rápida, cos pantalóns por enriba.
- Calzado de seguridade, a poder ser illante.
- Casco de seguridade, cando o traballo o requira.



2.-Comprobarase que a pantalla ou careta non ten gretas que deixen pasar a luz, e que o cristal contra radiacións é o apropiado segundo a intensidade ou diámetro do electrodo.

3.-O cristal protector transparente débese cambiar cando non estea en boas condicións, e será substituído por outro homologado do número adecuado ao traballo que hai que realizar.




4.-Para picar a escoura ou cepillar a soldadura, protexeráanse os ollos con gafas de seguridade, ou unha pantalla transparente.

5.-Os axudantes dos soldadores e aqueles operarios que se atopen a pouca distancia do soldador, deberán usar gafas especiais con cristais filtrados.

6.-Para colocar o electrodo na pinza ou tenaces, empregaranse sempre as luvas e desconectarase a máquina.

7.-A pinza deberá estar suficientemente illada e cando estea baixo tensión deberase coller sempre con luvas.

8.-A pinza de soldar non se depositará nunca sobre materiais condutores de corrente. Deberase deixar sobre materiais illantes ou unha galla illada.



9.-Todas as partes do corpo do soldador deberán estar cubertas, para evitar queimaduras na pel debidas ás radiacións.

10.-Non soldar coa roupa manchada de graxa, disolventes ou calquera outra substancia que se poida inflamar.

11.-A roupa húmida pola choiva ou a suor faise conductora, e é perigoso tocala coa pinza de soldar, inadvertidamente. Non se deben de realizar traballos de soldadura chovendo ou en lugares condutores, sen a protección eléctrica adecuada.

12.-Cando se solde sobre elementos metálicos, é necesario usar calzado de seguridade illante.

13.-Cando se traballe en altura, deberase de usar cinto de seguridade protexido, para evitar que as chispas o queimen.

ESPACIOS PECHADOS

1.-Está prohibido que unha persoa soa traballe no interior de cámaras estreitas ou espazos pechados. Débese deixar fóra o equipo de soldar, baixo a vixilancia dun axudante. Tamén se disporá de extintores, cintos de seguridade, etc., co fin de proceder ao auxilio do soldador.

2.-Así mesmo, está prohibido realizar traballos de soldadura en recipientes que contiveran materias inflamables ou volátiles sen limpálos previamente e desgasificando con vapor (aínda que leven moito tempo baleiros). Tamén se comprobará cun explosímetro a ausencia de gases.

3.-Cando se traballa no interior dun tanque, deberase de coidar o illamento das tenaces. Ademáis deberanse usar luvas e calzado illante ou unha esteira de caucho. É conveniente tamén prever unha toma de terra local na zona de traballo.

4.-Traballando en ambientes pechados débese procurar sempre unha boa ventilación. No caso de que se empreguen electrodos de tipo básico, é imprescindible a instalación de aspiradores de fume e se non fose posible, empregaranse equipos de protección respiratoria.